PARLAMENTO DE GALICIA

Persoas usuarias do Centro de Atención Diurna Terapéutica da Asociación Sarela visitan o Parlamento de Galicia

- **Foron recibidos polo presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices, coincidindo coa celebración do Día do Dano Cerebral Adquirido**

Santiago, 26 de outubro de 2016.- Un grupo de persoas usuarias do Centro de Atención Diurna Terapéutica da Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela visitaron esta mañá o Parlamento de Galicia, onde foron recibidas polo presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira.

Ademais do encontro co presidente da Cámara, os participantes nesta actividade tiveron ocasión de coñecer a sede do Parlamento de Galicia, no marco do programa de visitas guiadas á institución.

Durante o encontro, o presidente do Parlamento interesouse polas diferentes actividades que promove a Asociación Sarela, que centra os seus esforzos en mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.

"Pasos importantes"

Santalices Vieira explicou que a visita ten lugar coincidindo coa celebración do Día do Dano Cerebral Adquirido, que en Galicia está causado polo ictus en arredor do 72% dos casos. Apuntou, neste sentido, que na Comunidade Autónoma se teñen dado pasos importantes coa creación da Unidade de Ictus no Hospital Clínico de Santiago, "toda unha referencia". Expresou tamén a súa satisfacción pola implantación, coincidindo coa posta en marcha do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, doutra unidade de ictus nese

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal

complexo, que "poderá facer traballos, ao mellor, en coordinación tamén coa provincia de Ourense para abordar esta patoloxía".

O presidente do Parlamento valorou tamén o traballo que desenvolve a Asociación Sarela a favor das persoas con dano cerebral. Ao tempo, as persoas que participaron na visita pediron a Santalices Vieira que se manteña a preocupación polos pacientes afectados por dano cerebral, así como a prevención do mesmo. "Díxenlles que, como médico e como persoa interesada nestes temas, trasladarei" as súas demandas ao conselleiro de Sanidade en funcións que, en opinión de Santalices, presenta unha "boa diposición" respecto a estas cuestións.

A visita da Asociación Sarela ao Parlamento de Galicia tivo lugar coincidindo coa celebración do Día do Dano Cerebral adquirido (26 de outubro) e co próximo Día do Ictus (29 de outubro). A cidade de Santiago acolle tamén durante a xornada de hoxe outras actividades organizadas pola Asociación Sarela encamiñadas a visualizar a realidade das persoas afectadas por dano cerebral adquirido.

Saúdos,
Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal